



## **Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa** **EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

### **Programación**

---

**Titulación:** EE.SS. DE DESEÑO (DESEÑO DE PRODUTO)

**Materia:** XESTIÓN DO DESEÑO

**Disciplina:** ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN

**Curso:** 3º

**Carácter:** FORMACIÓN BÁSICA

**Tipo:** TEÓRICA

**Docente:** Ramón Antonio Rodríguez Domínguez

**Ano académico:** 2018-2019



## Índice

---

<b>1. Identificación e contextualización</b>	<b>3</b>
<b>2. Organización dos contidos</b>	<b>3</b>
<b>3. Avaliación</b>	<b>5</b>
3.1 Criterios de avaliación.....	6
3.2 Procedemento.....	6
3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	6
3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	7
3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	8
<b>4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias</b>	<b>8</b>
4.1 Metodoloxía.....	8
4.2 Recursos.....	8



## 1. Identificación e contextualización

Idiomas	Español, Galego
Departamento	Departamento de ensinanzas de grao en deseño de produto
Profesor/a	Ramón Antonio Rodríguez Domínguez
Correo electrónico	rrodriguez@edu.xunta.es
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 4 Horas totais: 100 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 58 Horas de traballo non presencial: 42 Horas titoría: 1 semanal
Descritores	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propiedade intelectual e industrial.</li> <li>- Organización e economía de empresa.</li> <li>- Técnicas de análise de mercado.</li> <li>- Fundamentos da economía de produción.</li> <li>- Métodos de investigación e experimentación propios da materia</li> </ul>

## 2. Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Protección da Propiedade Intelectual e Industrial - Propiedade intelectual. Dereitos de autor. - Propiedade industrial: Signos distintivos. Invencións. Deseños. - Clasificacións internacional. - Bases de datos de propiedade industrial rexistrada. - A protección internacional. Rexistos internacionais. Procedementos de rexistro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clases expositivas polo profesor</li> <li>▪ Supostos prácticos sobre os contidos expostos</li> <li>▪ Investigación nas bases de datos sobre rexistros existentes</li> <li>▪ Supostos de simulación de rexistro das figuras de propiedade industrial</li> <li>▪ Supostos de simulación de rexistro de propiedade intelectual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ata 24 de novembro</li> </ul>
2	Lexislación sobre produtos - Seguridade dos produtos - Marcado CE - Produtos homologados - Responsabilidade legal do produto: seguridade e medioambiente	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Manexo da normativa xeral sobre seguridade dos produtos</li> <li>▪ Identificación da normativa reguladora dos produtos desenvolto nos proxectos do curso.</li> <li>▪ Aplicación aos proxectos de deseño de produto desenvolto no curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 6 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ata 10 de novembro</li> </ul>
3	Iniciativa emprendedora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolvemento do espírito emprendedor do alumnado dende a creatividade e a innovación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ata 16 de outubro</li> </ul>



4	Análise económico-financieiro. - A estrutura económico-financieira da empresa - Análise de custos. Resultados empresariais. - Fontes de financiamento. - Análise de rendibilidade. - Análise e selección de inversións.	<ul style="list-style-type: none"><li>Calcular o escandallo dos produtos</li><li>Análise de custos do proxecto</li><li>Análise da viabilidade do proxecto</li><li>Determinación das necesidades e selección das fontes de financiamento.</li><li>Análise da rendibilidade de proxecto.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>14 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 2 de febreiro</li></ul>
5	Obrigas fiscais	<ul style="list-style-type: none"><li>Identificar as obrigas fiscais aplicables no proxecto de empresa</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>6 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 26 de febreiro</li></ul>
6	Xestión de persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>Desenvolver as actividades relativas á xestión de persoal no ámbito do proxecto.</li><li>Identificar normativa laboral aplicable</li><li>Seleccionar as modalidades de contratación</li><li>Analizar os custos laborais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>5 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 16 de marzo</li></ul>
7	Plan de marketing	<ul style="list-style-type: none"><li>Realizar un estudo de mercado sobre o produto</li><li>Identificar o público obxectivo</li><li>Establecer o posicionamento no mercado</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>5 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 13 de abril</li></ul>
8	Creación dunha empresa - Formas xurídicas - Trámites de constitución	<ul style="list-style-type: none"><li>Analizar as formas xurídicas e selección das máis apropiadas para o proxecto empresarial propio</li><li>Identificar os trámites para a constitución da empresa</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>5 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 30 de abril</li></ul>
9	Concursos e contratación	<ul style="list-style-type: none"><li>Concurso de deseño. Perfil dos concursantes.</li><li>Procesos de contratación. Tipos de contratos. Documentos contractuais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>4 sesións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Ata 18 de maio</li></ul>



### 3. Avaliación

A Avaliación das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter contínuo, polo que o proceso de avaliación ordinaria implica a asistencia regular as clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas o longo do curso.

O alumnado que asistindo regularmente non acade no proceso de avaliación contínua unha nota suficiente para superar as disciplinas (5) terá a posibilidade de superalas mediante a realización dunha proba final ou de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.

O alumnado que supere un 20% e faltas de asistencia ás clases, terá que tentar aprobar as disciplinas na proba final ordinaria de maio-xuño, e de non superala, poderá concorrer á convocatoria extraordinaria de xuño-xullo.

A nota final das convocatorias sairá de facer a media que corresponda según os apartados das táboas seguintes. Para obter a media da nota final das convocatorias o alumnado terá que acadar un mínimo dun 5 na media das probas da parte teórica e da parte práctica.

Debido ao carácter presencial das ensinanzas os traballos a entregar na convocatoria ordinaria, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina e entregados na data indicada, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito, salvo causa xustificada documentalmente.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das probas finais, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

O alumnado que non se teña presentado as probas teóricas ou prácticas o longo do curso, ou non teña entregado as probas prácticas ou proxectos nunha porcentaxe superior ao 70% do solicitado, salvo causa xustificada documentalmente, non poderá presentarse á proba final da avaliación ordinaria.

#### Avaliación ordinaria

Instrumentos de avaliación	Convocatoria Ordinaria		
	Avaliación Contínua		Proba Final
	Primer Cuadrimestre	Segundo Cuadrimestre	Maio/Xuño
Probas teóricas	65%	65%	65%
Probas prácticas / traballos	20%	20%	20%
Traballo diario na aula*	10%	10%	10%
Atitude e participación*	5%	5%	5%



### 3.1 Criterios de avaliación

#### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

I. Na avaliación ordinaria, como na extraordinaria, cada parte puntuarase de 1 a 10, sendo imprescindible obter unha nota media mínima de 5, para superar a materia.

- I. Na avaliación ordinaria, será necesario obter unha nota mínima de 5 na proba escrita para poder ponderar a nota co resto das ferramentas de avaliación que terá que dar como resultado unha nota media mínima de
- III. A nota final calcularase mediante a suma dos distintos apartados de cada modalidade, segundo a ponderación establecida en cada un.
- V. Xunto aos criterios citados, terase especialmente en conta a boa presentación dos traballos (organización, limpeza, ortografía e redacción)

### 3.2 Procedemento

O alumnado realizará un exame cuatrimestral teórico sobre a materia impartida acrode coa programación. O material serán os apuntamentos de clase, fotocopiaas de textos e manuais, e as puntuais referencias a información da rede que se fagan.

O alumnado simultaneamente fará un traballo consistente en a elaboración de un proxecto de empresa que se entregará cuatrimestralmente na parte correspondente e será entregado xa finalizado na terceira avaliación e será exposto oralmente en función da dispoñibilidade de clases e o avance no calendario escolar.

### 3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

#### Avaliación Ordinaria

##### EXAME

A nota mínima das probas escritas para poder ponderar co resto das ferramentas de avaliación, será dun 5. Coa avaliación positiva da primeira proba o alumnado eliminará materia. De non ser así, a segunda proba incluírá todos os contidos da materia.

##### ENTREGA DE TRABALLO: PLAN DE EMPRESA

O alumnado deberá realizar un traballo práctico que se prolongará ao longo de todo o curso. É necesario entregalo para poder aprobar a materia.

*Proxecto de empresa ou plan de negocio suxerido:*

*Apartados:*

- 1) **Idea de negocio.** . Describe o proxecto. Explica a túa elección, as razóns do proxecto. O curriculum dos promotores. Criterios de selección de persoal. Organigrama previsto da empresa.



- 2) **Estudo de mercado. Sector.Localización. Competencia.**
- 3) **Instalacións e presuposto.**
- 4) **Forma xurídica. ( autónomo, sociedade, cooperativa etc...) Debe xustificarse a elección.**
- 5) **Trámites para a posta en marcha. permisos, licencias, requisitos administrativos.**
- 6) **Administración, fiscalidade e contabilidade.**
- 7) **Persoal. Contratos, xornadas, quendas, nóminas, medidas de prevención de riscos, Seguridade Social, etc...E obrigado ter como mínimo un empregado**
- 8) **Financiamento interno e externo. É obrigatorio pedir un préstamo.**
- 9) **Prevención de riscos.**
- 10) **Marketing e publicidade.**
- 11) **Nome comercial, marcas, e propiedade industrial e intelectual. Patentes, marcas e rexistros.**
- 12) **Análise do punto morto ou umbral de rendibilidade.**

### 3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

#### Avaliación extraordinaria

Debido ao carácter presencial das ensinanzas os traballos a entregar na convocatoria extraordinaria, terán que ser supervisados, polo docente da disciplina nas horas de titorías establecidas nos días marcados para estas actividades/probas correspondentes á avaliación extraordinaria, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.

Para obter a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

Instrumentos de avaliación	Convocatoria Extraordinaria
	Proba Extraordinaria
	Xuño/Xullo
Probas teóricas	70-100%
Probas Prácticas / Traballos	0-30%

1-

**ACTIVIDADES de RECUPERACIÓN.** Estas actividades:

- se realizarán durante o período que media entre o remate da convocatoria ordinaria e a realización da proba específica extraordinaria
- serán de asistencia obrigatoria
- nelas poderanse incluír probas e procedementos recollidos dentro da avaliación continua, aplicados durante este período de recuperación.



## 3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

- Avaliación inicial do alumnado. Aínda que non se requiren coñecementos previos, o alumnado xa cursou a disciplina de Mercadotecnia, polo que ten unha base de coñecementos para esta disciplina. Por outra banda, na disciplina do 3º curso "Oficina Técnica" se traballan os contidos referidos a custos e presupostación, o que esixe coordinación entre os profesores, pero tendo en conta que non todo o alumnado cursa as dúas disciplinas neste curso a través dun debate inicial dirixido analizaranse o nivel de coñecementos previos
- Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados:

O feito de que todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades de aplicación (cuestións, exercicios, elaboración dun plan de marketing en equipo, defensa pública e coloquio sobre o traballo desenvolvido) fai posible que se saiba en cada momento como foron asimilados polo alumnado, de forma que se poidan introducir inmediatamente certos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

Pero non todos os/as alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo seu propio desenvolvemento psicolóxico como por moi diversas circunstancias persoais e sociais: a atención á diversidade de alumnos e de situacións escolares convértese así nun elemento fundamental da actividade educativa.

Para dar resposta a aprendizaxes máis lentos:

- Nalgunhas ocasións proporcionarase máis prácticas sobre contidos nos que o profesor detectase que houbo máis dificultade.
- O profesor dispón de diversos canles de comunicación cos alumnos fóra do horario das clases para atendelos e resolver dúbidas, a través de mensaxería, foros na aula virtual e titorías individualizadas.

## 4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

### 4.1 Metodoloxía

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando dende aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados polo profesor, poidan construír a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

O alumnado, en grupos de tres membros, desenvolverá ao longo de todo o curso un plan de empresa e realizará prácticas sobre lexislación aplicada ao deseño, traballando deste xeito todos os contidos do curso. Os traballos realizados expóñense na clase.

### 4.2 Recursos

Os recursos a empregar serán ordenadores con conexión a internet, proxector, e aula virtual. A aula virtual é un recurso esencial; nela terán acceso ás presentacións do profesor sobre cada tema, os contidos teóricos de cada tema, e enlaces e recursos sobre cada tema. Tamén a través da aula virtual se realizarán as entregas dos traballos.

Bibliografía Básica:

- OTERO LASTRES, José Manuel e CASADO CERVIÑO, Alberto (2012). *Compendio Práctico sobre la Protección de la Propiedad Industrial. Una visión renovada en España y el Mundo*. Valladolid. Ed. Lex Nova. ISBN 978-84-9898-392-0
- HERNANDO POLO, Cristina (2013). *Simulación empresarial*. Madrid. Editorial McGraw Hill. ISBN 978-84-481-8443-8

Webgrafía:

- Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) [www.oepm.es](http://www.oepm.es)





- Oficina Europea de Patentes – [www.epo.org](http://www.epo.org)
- Oficina de Armonización del Mercado Interior – <https://oami.europa.eu/ohimportal/es/>
- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte – [www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/propiedadintelectual.html](http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/propiedadintelectual.html)
- Creative Commons - [www.creativecommons.org](http://www.creativecommons.org)
- Legislación sobre seguridad industrial – [www.f2i2.net/legislacionseguridadindustrial/legislacionnacional.aspx](http://www.f2i2.net/legislacionseguridadindustrial/legislacionnacional.aspx)
- CE Nuevo Enfoque - [www.newapproach.org/Directives/DirectiveList.asp](http://www.newapproach.org/Directives/DirectiveList.asp)
- Mercado CE – Expediente técnico - <http://www.marcado-ce.com/documentacion-necesaria-evaluacion-conformidad-marcado-ce/expediente-tecnico.html>
- Guía interactiva Mercado CE – <http://www.marcado-ce.com/guia-interactiva-evaluar-directivas-marcado-ce-aplicables-producto.php>
- IGAPE – Crear unha empresa - <http://www.igape.es/gl/crear-unha-empresa>
- SEGAPI - [http://gain.xunta.es/artigos/93/-?locale=es\\_ES](http://gain.xunta.es/artigos/93/-?locale=es_ES)